

XUNTA DE FACULTADE ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 8 DE

XUÑO DE 2020

<p>Asisten:</p> <p><i>Equipo decanal:</i> Prof. Francisco José Torres Pérez (Presidente) Prof. María Antonia Arias Martínez (Secretaria) Prof. Regina Ibáñez Paz Prof. Lydia Noriega Rodríguez Prof. José Carlos Orge Míguez</p> <p><i>PDI-A:</i> Prof. Jaime Aneiros Pereira Prof. María Cruz Barreiro Carril Prof. Gloria Caballero Fernández Prof. Jaime Cabeza Pereiro Prof. María Isabel Cal Bouzada Prof. Carmen Domínguez Rubira Prof. Rafael Fernández Acevedo Prof. Margarita Fuenteseca Degeneffe Prof. María Noemí García Gestoso Prof. Pablo Grande Seara Prof. Marta García Mosquera Prof. Rosa María Loveira Pazó Prof. Ángel Manuel Mariño de Andrés Prof. Helena Martínez Hens Prof. María Teresa Martínez Táboas Prof. Nora Martínez Yañez Prof. Luis Miguel Muleiro Parada Prof. Esther Pillado González Prof. Ana María Pita Grandal Prof. José Ramón Rodríguez Lago Prof. Emma Rodríguez Rodríguez Prof. Carmen Ruiz Hidalgo Prof. María Inmaculada Valeije Álvarez</p> <p><i>PDI-B:</i> Prof. Ángel Aday Jiménez Alemán Prof. Laura Movilla Pateiro Prof. Xosé Pacho Blanco Prof. Alexandre Pazos Pérez Prof. Pablo Riquelme Vázquez Prof. Rosa Rodríguez Martín-Retortillo Prof. Rafael Andrés Velázquez Pérez</p> <p><i>Estudiantes-1º/2º ciclo:</i> D^a. Icíá Castro Iglesias D. Cristian Feijoo Iglesias</p>	<p>Acta da Comisión extraordinaria da Xunta de Facultade do día 8 de xuño de 2020, convocada por orde do Presidente da mesma, Francisco José Torres Pérez, ás 12:00h en primeira convocatoria, e ás 12:30h en segunda convocatoria, celebrada telematicamente na Aula Virtual “Salón de Graos” da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, co seguinte punto na orde do día:</p> <p>Toma de posición, se procede, da Xunta de Facultade en relación co documento “Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020-2021”.</p>
--	--

D. Rafael Alejandro Ferreira Pardiñas D ^a . Andrea Fragueiro Gargamala D. José Alberto García Gallardo D ^a . Sandra María Martínez Gómez <i>Estudiantes-3º ciclo:</i> D. Lucas Castro González D ^a . Mónica García Freiría D ^a . Itziar Sobrino García D. Antonio Villanueva Martínez <i>PAS:</i> D. Manuel Ángel Valcárcel Martínez Desculpan asistencia: Prof. María José Bravo Bosch Prof. María Belén Fernández Docampo	
---	--

Ás 12:30h do día 8 de xuño de 2020 comeza a reunión da Xunta de Facultade, coa asistencia dos membros enriba enumerados.

Toma de posición, se procede, da Xunta de Facultade en relación con documento “Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020-2021”.

O Sr. Decano explica que o documento “Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020-2021” será sometido á aprobación do Consello de Goberno que se celebrará o 12 de xuño. Co fin de consensuar o seu contido, concedéuselles aos centros, dende a Reitoría, un prazo para a presentación de emendas.

Recorda que previamente á convocatoria desta Xunta de Facultade remitiuse a todo o profesorado o devandito documento coas modificacións e emendas propostas polo equipo decanal.

O Sr. Decano informa que, en resposta á invitación cursada ao profesorado do Centro para realizar as achegas que considerasen pertinentes en relación co devandito documento, recibiu a proposta da profesora Ana M^a Pita Grandal. A profesora Pita Grandal explicou aos membros da Xunta de Facultade a súa posición de rexeitamento ao documento reitoral, agás daquilo necesario para que o Centro poida tomar as medidas adecuadas en función da evolución da pandemia e do establecido ao respecto polas autoridades sanitarias. Polo tanto, considera que neste momento procede valorar, en primeiro lugar, a posibilidade de impartir docencia presencial e, en segundo termo, se a presencialidade ten que ser remota ou *in situ*. Defende que as dúas cuestións deberan ser acordadas por cada Centro segundo as súas particularidades.

Tras esta intervención, o Decano propón traballar sobre ambas propostas co fin de consensuar entre os membros da Xunta as emendas ao documento remitido pola Reitoría. Tralo debate e a posta en común de diversas opinións e aportacións realizadas, en particular, polos membros da Xunta de Facultade Ana María Pita Grandal, Inmaculada Valeije Álvarez, Noemí García Gestoso, Carmen Ruiz Hidalgo, Xosé Manuel Pacho Blanco, Jaime Aneiros Pereira e Nora Martínez Yañez, Rafael Alejandro Ferreira Pardiñas e Itziar Sobrino García, apróbase por unanimidade dos presentes o documento reflectido no Anexo ó Acta.

Antes do remate da sesión o alumno Cristian Feijoo Iglesias solicita a palabra a través do chat. Tras desculparse por non dispor de micrófono e por introducir unha cuestión que se aparta do único punto previsto na orde do día desta sesión, informa de que o alumnado do Centro ten coñecemento de que noutras titulacións da Universidade de Vigo habilitouse para a

presentación e defensa do Traballo Fin de Grao unha data en setembro alternativa á convocatoria extraordinaria de xullo. Pregunta se dende a Coordinación do TFG ou dende o Decanato se está a valorar algunha medida semellante. Tanto o coordinador de TFG, o profesor Pablo Fernández Carballo-Calero, coma a Secretaria do Centro, a profesora María Antonia Arias Martínez, responden que se está a valorar a posibilidade de establecer unha data de defensa do TFG en setembro. Cando os requisitos e mailo procedemento para facer efectiva esta opción estean ben perfilados, porase a proposta en coñecemento do estudantado e do profesorado e someterase á aprobación da Xunta de Facultade.

Sendo as 14: 50h, levántase a sesión.

Secretaria

V. e Pr. do Presidente

María Antonia Arias Martínez

Francisco José Pérez Torres

**Medidas extraordinarias e urxentes
para o desenvolvemento da organización docente no curso 20/21**

VERSIÓN 2 8/06/2020 INCLUE ENMENDAS (DESTACADAS EN VERMELLO) E TACHADOS REALIZADAS POLA XUNTA DE FACULTADE EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 8 DE XUÑO)

I. Sobre as modalidades de actividade docente.

1. Na Universidade de Vigo, a actividade docente exclusivamente presencial poderá verse modulada, coa finalidade de garantir a saúde ou a seguridade públicas, ~~dando lugar así a unha modalidade mixta coa finalidade de garantir a saúde ou a seguridade públicas~~ **dando lugar á posibilidade de organizar doutro xeito a docencia presencial**, e incluso, de xeito excepcional, verse substituída por un modelo de actividade docente non presencial.

2. Sen prexuízo do que se indicará respecto da modalidade non presencial, ~~a modalidade mixta activarase~~ mediante Resolución Reitoral activarase a posibilidade de organizar a docencia presencial doutro xeito **coa finalidade de adaptala ao que determinen as autoridades sanitarias en cuio caso cada Centro organizará a docencia en función das súas características.**

~~exixan unha distancia mínima determinada nas aulas de xeito que unha parte do alumnado (normalmente entre un 33 e un 50%, dependendo das instrucións das autoridades sanitarias, do número de alumnos no curso e do tamaño e disposición das aulas, podendo chegar ao 100% nalgúns casos) permanecese na clase xunto co profesor, seguindo o resto do alumnado as clases dun modo preferentemente síncrono.~~

3. A Reitoría proveerá aos centros dunha **solución técnica en base a opción que escollan dacordo co punto anterior**. ~~que contemple o uso simultáneo das aulas físicas e das aulas virtuais, na que tanto os alumnos presentes no centro coma os ausentes poidan ter acceso síncrono ás presentacións feitas polo profesor e interactuar en pé de igualdade, debendo os centros establecer as quendas que garantan un reparto equitativo do alumnado, así como os criterios para definilas e os mecanismos para o coñecemento coa antelación suficiente por parte do alumnado da posibilidade de asistir ás clases de xeito presencial.~~

4. A Reitoría porá a disposición dos centros unha solución informática para publicitar que alumnos deben asistir presencialmente en cada data, segundo a organización deseñada polo centro (por quendas diarias, semanas, ou calquera outro xeito de organizarse, sempre que se garanta a igualdade de acceso por parte do alumnado ás actividades de docencia presencial). **Non obstante, calquera desembolso que afecte ao orzamento de xeito importante farase público e será obxecto de aprobación por parte dos Centros.**

5. **Se é preciso**, establecerase asemade unha dotación mínima para as aulas físicas, de xeito que sexa posible a difusión das clases en modo síncrono desde as mesmas vía campusremoto.uvigo.gal, substituíndose a tal efecto o uso do encerado normal por un virtual, susceptible de ser visualizado polo alumnado non presente na aula na contorna do campus remoto. **En calqueira caso non se adoptaran medidas excepcionais que compromentan o orzamento público para solventar problemas que previsiblemente**

desaparezan cando finalice a situación de pandemia. Neste punto se proporcionarán os medios proporcionales e eficaces dacordo co carácter temporal da situación.

6. En particular, ~~dependendo da dispoñibilidade orzamentaria, poderanse definir plans piloto ligados a determinados obxectivos de docencia innovadora para algunhas titulacións, que~~ **consonte ás medidas de dotación mínima antes aludidas reorganizarse** reorganizar tanto o espazos físicos coma a dotacións informáticas nun certo número de aulas para garantir axeitadamente a implantación desta modalidade de docencia, e con acceso ás seguintes melloras, de ser o caso:

- a) Mellora adicionais ás consideradas básicas para todas as aulas nas infraestruturas ligadas á docencia, en particular, nas aulas destinadas á docencia mixta, incluíndo hardware e software.
- b) Mellora de aulas informáticas do centro.
- c) Adquisición de materiais docentes para partillar co alumnado (fundamentalmente, manuais)
- d) Programas informáticos especializados e substitución de prácticas físicas por virtuais.
- e) Axudas á conectividade para o alumnado **e para o profesorado**
- f) Remodelación da páxina web do centro.
- g) Programa de creación de contidos dixitais en distintos formatos.
- h) Axudas para a adquisición de material informático e ofimático para o correcto desenvolvemento da actividade non presencial por parte do profesorado coa finalidade de garantir, fundamentalmente, a normativa laboral en materias de prevención de riscos, desconexión dixital e protección de datos persoais.**

7. Decretado o peche de centros docentes por Resolución Reitoral, a actividade docente continuará a impartirse de xeito síncrono ~~non presencial~~ mediante o Campus Remoto, prevéndose asemade o uso da plataforma de teledocencia FAITIC como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que poidan adoptarse para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes. Durante estes períodos os centros deberán adaptar os horarios para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar do profesorado.

8. Tanto no caso de paso á modalidade de docencia presencial **síncrona** contemplada no punto 2, como á modalidade non presencial contemplada no punto 7, os centros, en coordinación con departamentos, serán os responsables de todos os aspectos relacionados coa organización e xestión da docencia, tal como recolle o artigo 37 dos Estatutos.

9. Durante os períodos de docencia **presencial síncrona** ou non presencial, o profesorado poderá gravar de forma voluntaria ás súas sesións docentes, co fin de que o alumnado que teña problemas de conectividade, de dispoñibilidade limitada de equipos informáticos ou de conciliación coa vida familiar poidan acceder a elas de xeito asíncrono.

II. Sobre as clases prácticas.

1. O profesorado planificará as clases prácticas considerando que parte das mesmas é imprescindible desenvolver de xeito presencial, de ser o caso, e que parte pode substituírse por actividades non presenciais (tutoriais en vídeo, laboratorios virtuais, etc.), tentando na medida do posible de axustar as prácticas esenciais máis dificilmente substituíbles aos períodos nos que estean en activo as modalidades **presencial (física) ou presencial en remoto**.

2. No que atinxe ós laboratorios docentes, cando non sexa posible gardar a distancia de seguridade, as prácticas só poderán realizarse cumprindo escrupulosamente as indicacións do servizo de prevención e riscos laborais en canto a uso de material de protección (EPIs) do profesorado e do alumnado que estean vixentes durante o período de realización das devanditas prácticas, correspondendo aos centros organizar as eventuais reordenacións dos espazos docentes cara a garantir as distancias de seguridade, de ser necesario.

III. Sobre os consentimentos do alumnado e do profesorado ~~na convocatoria de matrícula.~~

1. Na convocatoria de matrícula, no que atinxe á docencia non presencial, advertirase ao alumnado da eventual gravación da súa voz ou da súa imaxe, o que se levará a cabo, de ser o caso, sempre na contorna e coas ferramentas virtuais propias da Universidade de Vigo, indicando as finalidades docentes para as que é necesaria a dita gravación, resultando a mesma voluntaria e sendo posible, en caso de negativa, acceder á aula virtual como oínte, desactivando a cámara e o micrófono, podendo participar a través do chat público.

2. O emprego con fins docentes na contorna do Campus remoto ou das plataformas de teledocencia propias da Universidade de Vigo de eventuais gravacións que inclúan a voz ou a imaxe do alumnado durante o curso académico en que as mesmas se leven a cabo non precisará do consentimento do alumnado, ~~que poderá recabarse no momento da matrícula,~~ no entanto, para autorizar usos posteriores e/ou finalidades distintas. **Comprobar legalidade –sería convinte que a Delegada de Protección de Datos da UVigo informara sobre esta cuestión-**

3. Na convocatoria da matrícula advertirase ao alumnado da posibilidade de gravación de probas de avaliación oral, así como do posible uso polo profesorado, durante as probas de avaliación, de medios audiovisuais que faciliten certo control da súa voz e/ou da súa imaxe, ~~incluíndo a cámara e o micrófono do seu móbil persoal, de ser preciso.~~

Comprobar legalidade –sería convinte que a Delegada de Protección de Datos da UVigo informara sobre esta cuestión. En particular si é necesario o consentimento para a grabación das probas orais-

4. Dacordo coa normativa vixente, a gravación das clases non está permitida. Por tal motivo, a gravación das actividades docentes terá que ser expresamente autorizada por parte do docente en cada caso.

IV. Sobre as guías docentes.

1. A estrutura das guías docentes manterase sen modificacións, agás a inclusión dunha ~~addenda~~ **no apartado de observacións do sistema de avaliación das guías dunha solución que** contemple tanto a impartición da docencia coma a avaliación non presencial. **Incluso nesta alternativa,** ~~primárase especialmente a avaliación continua~~ **os criterios de avaliación circunscribíranse ao estipulado nas memorias dos diferentes títulos e nas guías docentes aprobadas en Xunta de Facultade.** As ~~addendas~~ guías enviaranse desde os centros antes do 15 de xullo de 2020 á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, que as remitirá á Secretaría Xeral de Universidades e á ACSUG.

Dada a posible situación de non presencialidade, todas as guías docentes incluírán a garantía de que o alumnado debe ter acceso online á totalidade dos recursos materiais necesarios para superar a materia.

Ademais deberanse establecer sistemas de avaliación alternativos para actividades de campo, laboratorio e outras prácticas, que serán de aplicación se houber imposibilidade de realizalas por causa de forza maior.

V. Sobre o plan de formación do profesorado para a docencia e avaliación online.

1. A Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, a través da unidade de Formación e Innovación Educativa, fará unha proposta de cursos ~~urxentes~~ durante os meses de xuño, xullo e setembro, para a actualización do profesorado ~~á docencia mixta,~~ **especialmente orientada á mellora da docencia e avaliación online.**

2. Durante o curso 20/21 establecerase un plan de formación de profesorado para a innovación docente ~~nunha contorna de docencia mixta.~~

-

VI. Sobre as condicións sanitarias nos centros.

1. Tódolos centros da Universidade de Vigo participarán na fase piloto do protocolo establecido polo SERGAS que ven de publicar a Consellería de Educación, aspirando a cumprir todos e cada un dos aspectos contemplados na Guía de recomendacións para unha universidade segura (incluída como Anexo II). A este respecto, ademais das medidas centralizadas, cada centro deberá aprobar un plan de prevención específico, **que deberá ser elaborado polo Servizo de Prevención ou órganos competentes da Universidade** polo equipo decanal/directivo e refrendado pola Xunta de Facultades/Escola.

2. A Vicerreitoría de Planificación, a través do encargo á Unidade Técnica, elaborará un plan de circulación para cada un dos edificios docentes que estará a disposición de cada equipo decanal ou directivo a finais de xuño, para que procedan á súa adaptación.

3. Cada centro designará unha persoa como interlocutora coa Dirección Xeral de Saúde Pública, quen comunicará a organización de xornadas, congresos e outras actividades que xunten a persoas non habituais no centro, para a súa avaliación. **Tamén ocuparase** ~~ocuparase tamén~~ **de remitir as** comunicacións de casos confirmados de contaxio.